



sen título

**Maribel Longueira.** A Coruña, 1951. Licenciada en Historia da Arte Contemporánea pola Universidade de Santiago de Compostela. Fixo os cursos de doutoramento sobre patrimonio e fotografía na U.N.E.D. Experta en xestión de Patrimonio e Bens Culturais pola Universidade da Coruña. Asistiu a talleres prácticos impartidos por Isabel Muñoz, José M<sup>o</sup> Mellado, Isaki Lacuesta, Ricky Davila... Exposicións individuais: «Alguén agarda que volva alí» (Galicia-Cuba); «Os hórreos e a cultura do pan»; «A paisaxe en Galicia»; «O Prestige» (Batz-sur-mer, Bretaña); «O mar da vida»; «O Papagaio, a pegada dos sentidos» (Galicia- Cuba); «Xente no medio» (Galicia, Inglaterra, Cuba); «Incerteza» (Cuba); «Velear» (Carnota). Publicacións fotográficas: *Alguén agarda que volva alí, O mundo da pesca na literatura galega, Unha viaxe á procura do solpor, Muros: ronsel de pedra, espiral de mar, Mar de Lira, Homenaxe a Anxel Casal, O Papagaio, Entremiradas I,*

*Galicia Bos Aires e Entremiradas II Galicia Cuba.* Colabora en publicacións periódicas galegas, do resto de España, Bos Aires, A Habana e Guadalajara-México.

**2011 BLOKEO/reSistencia. Casa Museo Casares Quiroga, A Coruña, do 23 de novembro ao 6 de decembro.** O pobo cubano segue a enfrontarse a un bloqueo económico sen precedentes no tempo, isto creou unha forte resistencia por unha situación inxusta ditada polos poderes económicos reinantes, contribuíndo así a unha reafirmación dos seus ideais pero a largueza no tempo tamén pode activar o búmerang do *blodge read*.